

Colexio Público Integrado
CASTRO BAXOI



MIÑO

Departamento de Inglés



PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA

do DEPARTAMENTO

de **INGLÉS**

CURSO 2022-2023

MEMBROS DO DEPARTAMENTO no presente curso:

Margarita Bernárdez Pousa (Xefa de Departamento de Inglés)

Marta Ramil Ferreiro (Xefa de departamento de Música)

Beatriz Rodríguez Payo (Xefa de departamento de Francés)

MATERIAS, CURSOS E GRUPOS QUE IMPARTEN OS MEMBROS DO DEPARTAMENTO:

Materia	Curso	Grupo	Profesor/profesora
Inglés	1º ESO	A	Beatriz Rodríguez Payo
Inglés	1º ESO	B	Margarita Bernárdez Pousa
Inglés	1º ESO	C	Marta Ramil Ferreiro
Inglés	2º ESO	A	Margarita Bernárdez Pousa
Inglés	2º ESO	B	Margarita Bernárdez Pousa
Inglés	2º ESO	PMAR	Margarita Bernárdez Pousa
Inglés	3º ESO	A	Margarita Bernárdez Pousa
Inglés	4º ESO	A	Margarita Bernárdez Pousa

ÍNDICE	Pax
1.- Introducción e contextualización.....	6
2. - Obxectivos xerais:.....	8
2.1. Obxectivos xerais da ESO	
2.2. Obxectivos da ESO para a área de linguas estranxeiras	
3 - Competencias clave.....	11
3.1. Contribución do inglés ao desenvolvemento das competencias clave.	
3.2. Descriptores de competencias clave	
3.3.Actividades e Avaliación das competencias clave	
4. Concreción para estándares de aprendizaxe avaliable :.....	23
4.1. Temporalización.	
4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.	
4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.	
4.4. Rúbricas	
5. Concrecións metodolóxicas que require a materia de linguas estranxeiras.....	35
6. Materiais e recursos didácticos	36
7. Avaliación.....	39
7.1.Criterios de avaliación	

7.2. Sistema de cualificación e promoción	
8. Actividades de seguimento, recuperación e avaliación de alumnos coa materia pendente.....	48
9. Medidas de atención á diversidade. Desdobre. Repetidores.....	51
10. Uso das Tecnoloxías da Información e da Comunicación.....	54
11. Fomento da Lectura.....	55
12. Temas transversais.....	56
13. Actividades extraescolares e complementarias	57
14. Indicadores de logro para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente.....	59
15. Mecanismos de revisión, avaliación e modificación das programacións didácticas en relación cos resultados académicos e procesos de mellora.....	60
16. Contidos, actividades, tarefas, estándares e competencias das unidades didácticas:	
• 1º ESO	62
• 2º ESO	156
• 3º ESO	231
• 4º ESO	298
17. Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados.....	371
18. Aplicación dos plans e proxectos do Centro.....	371
19. Adaptacións da programación debido á crise sanitaria causada pola COVID-19.....	371

- Plan de reforzo e recuperación das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso 2020/2021.
- Metodoloxía de traballo que se seguirá no caso de ensino a distancia.
- Modo de proveer o dereito á educación ao alumnado que non poida seguir a ensinanza telemática
- Mecanismos que o profesorado adoptará para asegurar o seguimento continuo do curso polo alumnado.

1. INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN

A formación lingüística no contexto escolar é un instrumento para a equidade, xa que debe facilitar os medios necesarios para comunicar no ámbito educativo e na vida profesional e social.

O Consello de Europa, a través de sucesivos proxectos, está comprometido nunha política lingüística dirixida a protexer e desenvolver a herdanza lingüística e a diversidade cultural de Europa como fonte de enriquecemento mutuo, así como a facilitar a mobilidade persoal dos seus cidadáns e das súas cidadás, e o intercambio de ideas. O Marco Común Europeo de Referencia para as linguas (MCER), publicado en 2001, é un documento de particular transcendencia non só como ferramenta práctica para propiciar a reflexión sobre o ensino das linguas e a transparencia de cursos, programas e titulacións entre os Estados e dentro deles, senón tamén polo recoñecemento da competencia plurilingüe e intercultural, que transcende o concepto de multilingüismo.

A educación plurilingüe e intercultural considera, con carácter xeral, a aprendizaxe de todas as linguas e culturas e, de xeito específico, os enfoques plurais transversais e integradores no seu ensino e na súa aprendizaxe. A súa finalidade é retirar barreiras artificiais entre as linguas, encerradas tradicionalmente nos sistemas escolares en compartimentos

estancos, e promover o uso integral do repertorio lingüístico, discursivo, estratéxico e intercultural que posúe o alumnado e que vai adquirindo ao longo das súas diversas experiencias lingüísticas dentro e fóra do ámbito educativo. Nos centros docentes teñen presenza linguas estranxeiras, que son abordadas na aula desde un enfoque comunicativo e intercultural, xa que o coñecemento dos valores e as crenzas compartidas por grupos sociais doutros países resulta esencial para a comunicación nesta sociedade globalizada.

Para a posta en práctica dos currículos integrados e o logro dos obxectivos plurilingües e interculturais que se perseguen, o profesorado potenciará unha metodoloxía adecuada para levar a cabo enfoques comunicativos e proxectos plurais e transversais, promover a reflexión metacomunicativa e metalingüística e o contraste entre linguas, haberá accións coordinadas entre os departamentos lingüísticos para decidir, entre outros, desde que lingua abordar o estudo dos xéneros discursivos ou as estratexias e os procesos cognitivos que están na base das actividades lingüísticas. A finalidade é construír en cada centro docente a coherencia pedagóxica no ensino das linguas.

A materia de Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción). Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

2. OBXECTIVOS XERAIS

2.1. OBXECTIVOS XERAIS DE ETAPA- ESO.

A educación secundaria contribuirá a desenvolver nos alumnos as capacidades que lles permitan:

- Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto aos demais, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e grupos, exercitarse no diálogo afianzando os dereitos humanos como valores comúns dunha sociedade plural e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres.

- Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións cos demais, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo, os comportamentos sexistas e resolver pacificamente os conflitos.
- Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información para, con sentido crítico, adquirir novos coñecementos. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Concibir o coñecemento científico como un saber integrado que se estrutura en distintas disciplinas, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas nos diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua castelá e, na lingua galega, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, a lectura e o estudo da literatura.
- Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de xeito apropiado.
- Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e a historia propias e dos demais, así como o patrimonio artístico e cultural.
- Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o dos outros, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio, contribuíndo á súa conservación e mellora.

- Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das distintas manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

2.2. OBXECTIVOS DA ESO para o ÁREA DE LINGUA ESTRANXEIRA

- De acordo co currículo oficial establecido para a Educación Secundaria Obrigatoria, o obxectivo é desenvolver nos alumnos as destrezas mencionadas nos obxectivos específicos para a área de Lingua estranxeira:
- escoitar e comprender información xeral e específica de textos orais en situacións comunicativas variadas, adoptando unha actitude respectuosa e de cooperación.
- expresarse e interactuar oralmente en situacións habituais de comunicación de forma comprensible, axeitada e con certo nivel de autonomía.
- ler e comprender textos diversos dun nivel axeitado ás capacidades e intereses do alumnado co fin de extraer información xeral e específica, e utilizar a lectura como fonte de pracer e de enriquecemento persoal.
- escribir textos sinxelos con finalidades diversas sobre distintos temas utilizando recursos axeitados de cohesión e coherencia.

- Utilizar con corrección os compoñentes fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais básicos da lingua estranxeira en contextos reais de comunicación.
- Desenvolver a autonomía na aprendizaxe, reflexionar sobre os propios procesos de aprendizaxe, e transferir á lingua estranxeira coñecementos e estratexias de comunicación adquiridas noutras linguas.
- Utilizar estratexias de aprendizaxe e todos os medios ao seu alcance, incluídas as tecnoloxías da información e a comunicación, para obter, seleccionar e presentar información oralmente e por escrito.
- Apreciar a lingua estranxeira como instrumento de acceso á información e como ferramenta de aprendizaxe de contidos diversos.
- Valorar a lingua estranxeira e as linguas en xeral, como medio de comunicación e entendemento entre persoas de procedencias, linguas e culturas diversas evitando calquera tipo de discriminación e de estereotipos lingüísticos e culturais.
- Manifestar unha actitude receptiva e de auto confianza na capacidade de aprendizaxe e uso da lingua estranxeira.

3. COMPETENCIAS CLAVE.

3.1. Contribución da materia de inglés á adquisición de competencias clave

Todas as materias do currículo contribúen ao desenvolvemento de diferentes competencias. Tal como se especifica na legislación vixente, a aprendizaxe dunha lingua estranxeira, neste caso o Inglés, incide de xeito directo na adquisición das seguintes competencias básicas:

▪ **Competencia en comunicación lingüística:**

O estudo dunha lingua estranxeira contribúe ao desenvolvemento desta competencia dun xeito directo, completando, enriquecendo e enchendo de novos matices comprensivos e expresivos esta capacidade comunicativa xeral. A competencia en comunicación lingüística refírese á utilización da linguaxe como instrumento de comunicación oral e escrita, de representación, interpretación e comprensión da realidade, de construción e comunicación do coñecemento e de organización e autorregulación do pensamento, as emocións e a conduta.

▪ **Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.**

Utilizar os números e as súas operacións básicas, os símbolos e as formas de expresión e razoamento matemático para producir e interpretar informacións, para coñecer máis sobre aspectos cuantitativos e espaciais da realidade e para resolver problemas relacionados coa vida diaria. Forma parte da competencia matemática a habilidade para interpretar e expresar con claridade e precisión informacións, datos e argumentacións.

As competencias científica e tecnolóxica, e partindo do coñecemento da natureza, dos conceptos, principios e métodos científicos fundamentais e dos produtos e procesos tecnolóxicos, así como a comprensión da incidencia da ciencia e a

tecnoloxía sobre a natureza, permiten comprender mellor os avances, as limitacións e os riscos das teorías científicas, as aplicacións e a tecnoloxía nas sociedades en xeral. Son parte destas competencias básicas o uso de ferramentas e máquinas tecnolóxicas, os datos científicos para alcanzar obxectivos baseados en probas.

▪ **Competencia dixital**

A competencia dixital proporciona un acceso inmediato a un fluxo incesante de información que aumenta cada día. O coñecemento dunha lingua estranxeira ofrece a posibilidade de comunicarse utilizando as novas tecnoloxías creando contextos reais e funcionais de comunicación. Esta competencia consiste en dispoñer de habilidades para procurar, obter, procesar e comunicar información e transformala en coñecemento.

▪ **Competencia para aprender a aprender**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira rendibilízase enormemente ao incluír contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, para que cada neno e cada nena identifiquen como aprenden mellor e que estratexias os fan máis eficaces.

Isto comporta a conciencia daquelas capacidades que entran en xogo na aprendizaxe como a atención, a concentración, a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a motivación do logro entre outras.

▪ **Competencias sociais e cívicas**

As linguas serven aos falantes para comunicarse socialmente, pero tamén son vehículo de comunicación e transmisión cultural. Aprender unha lingua estranxeira implica o coñecemento de trazos e feitos culturais vinculados ás diferentes comunidades de falantes desta.

Este feito favorece a comprensión da realidade social en que se vive, o respecto, o recoñecemento e a aceptación de diferenzas culturais e de comportamento, promove a tolerancia e a integración e axuda a comprender e apreciar tanto os trazos de identidade coma as diferenzas.

▪ **Sentido de iniciativa e espírito emprendedor**

As decisións que provoca a reflexión sobre a propia aprendizaxe favorecen a autonomía. Na medida que a autonomía e iniciativa persoal involucran a miúdo outras persoas, esta competencia obriga a dispoñer de habilidades sociais para relacionarse, cooperar e traballar en equipo: poñerse no lugar do outro, valorar as ideas dos demais, dialogar e negociar, a asertividade para facer saber axeitadamente aos demais as propias decisións, e traballar de forma cooperativa e flexible. O sentido de iniciativa e espírito emprendedor supoñen a capacidade de imaxinar, emprender, desenvolver e avaliar accións ou proxectos individuais ou colectivos con creatividade, confianza, responsabilidade e sentido crítico. Require, polo tanto, poder reelaborar as formulacións previas ou elaborar novas ideas, buscar solucións e levalas á práctica.

▪ **Conciencia e expresións culturais**

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia se os modelos lingüísticos que se utilizan conteñen, aínda coas limitacións desta etapa, producións lingüísticas con compoñente cultural. Trátase,

polo tanto, dunha competencia que facilita tanto expresarse e comunicarse como percibir, comprender e enriquecerse con diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura.

Esta competencia incorpora así mesmo o coñecemento básico das principais técnicas, recursos e convencións das diferentes linguaxes artísticas como a música, a literatura, as artes visuais e escénicas, ou das diferentes formas que adquiren as chamadas artes populares.

3.2. Descritores das competencias básicas

Co fin de que as Competencias Básicas poidan ser utilizadas e avaliadas dun xeito eficaz, é necesario analízalas en **Descritores**, os cales describen, especifican e matizan cun maior nivel de detalle os logros que os alumnos deben obter en cada competencia.

Os descritores son unha ferramenta útil para facer fincapé en aqueles aspectos e características que se consideran esenciais na aprendizaxe dos alumnos. A continuación detállanse os descritores para todas as competencias básicas tendo presente que a área que nos ocupa é a de lingua estranxeira.

⇒ **Competencia en comunicación lingüística:**

ESCOITAR

- Utiliza aspectos sonoros da linguaxe (pronunciación, acentuación e ton de palabras, frases e textos) para a comprensión da audición
- Interpreta os elementos paralingüísticos (verbais e non verbais), para a comprensión do texto.
- Identifica información relevante (detalles, datos,...)
- Define e usa o vocabulario
- Relaciona o vocabulario con outras áreas específicas do saber
- Constrúe significado a partir do contexto; usa antónimos, sinónimos, campos léxicos,
- Comprende de forma global a audición: título, intención xeral...
- Identifica ideas principais e secundarias; feitos e opinións; aspectos reais e fantásticos
- Ten opinión persoal sobre o contido das audicións

FALAR

- Exprésase de xeito claro e fluído con pronunciación, ritmo, ton e confianza
- Usa elementos paralingüísticos e estratexias de comunicación
- Elabora un guión previo
- Desenvolve o discurso de xeito organizado: inicio, progreso e conclusión
- Usa un vocabulario axeitado
- Responde a preguntas formuladas sobre a información presentada
- Autovalora a súa intervención
- Manifesta interese por mostrar coñecementos relacionados coa exposición

CONVERSAR

- Exprésase de xeito claro e fluído con pronunciación, ritmo, ton e confianza
- Interpreta e usa elementos paralingüísticos
- Utiliza patróns lingüísticos adaptados.
- Inicia a conversación: saúdo, presentación propia e doutras persoas, presentación de elementos do contexto e do tema.
- Mantén o diálogo e a comunicación de forma ordenada
- Usa un vocabulario axeitado
- Autovalora a súa intervención

LER

- Lé de xeito expresivo (pronunciación, acentuación e ton de palabras, frases e textos) utilizando os elementos sonoros para mellorar a comprensión do texto
- Identifica información relevante (detalles, datos,...)
- Define e usa o vocabulario
- Constrúe significado a partir do contexto: sinónimos, antónimos, campos semánticos, ...
- Comprende o texto de forma global: título, intención xeral...
- Interpreta elementos contextuais asociados á comprensión do texto
- Identifica ideas principais e secundarias; feitos e opinións; e aspectos reais e fantásticos

- Opina sobre o contido e a forma do texto
- Valora e opina acerca da información obtida
- Autovalora o nivel de comprensión alcanzado
- Identifica e interpreta relacións entre o texto e os contidos doutras áreas e situacións
- Goza coa lectura autónoma

ESCRIBIR

- Presenta o traballo escrito de forma clara, ordenada e adaptada ao formato,
- Elabora un guión previo
- Usa un vocabulario axeitado
- Usa os signos de puntuación
- Integra elementos de apoio (ilustracións, gráficos, características tipográficas, ...)
- Revisa e autocorrixe o texto
- Autovalora o texto

⇒ **Competencia Matemática**

- Identifica, coñece e usa os números ordinais e cardinais en lingua estranxeira

- Segue procesos de pensamento -indutivo ou dedutivo- propios das ciencias, para o desenvolvemento da súa competencia lingüística
- Comprende o enunciado dunha actividade relativa a datos, cifras ou estatísticas

⇒ **Competencia para o coñecemento e a interacción co mundo físico**

- É consciente da importancia do coidado da saúde persoal e do ámbito
- Ten hábitos correctos de hixiene, descanso e coidado persoal
- Practica o consumo racional
- Coñece os efectos nocivos sobre a saúde de substancias tóxicas como o tabaco, o alcohol e as drogas
- É crítico ante a polución e ante os efectos do cambio climático
- É consciente da importancia do aforro enerxético
- É coidadoso co ámbito
- Coñece e entende as consecuencias dos desastres naturais e provocados pola acción do home.

⇒ **Tratamento da información e competencia dixital**

- Coñece e aplica ferramentas informáticas: panel de control, procesadores de texto, follas de cálculo, bases de datos, etc.
- Localiza información de distintas fontes: CD-ROM, buscadores, etc.
- Usa ferramentas de comunicación social: correo, foros, etc.
- Coñece as normas de comunicación en ámbitos virtuais
- Fai un uso ético, responsable e seguro de Internet.

- Valora as TIC como instrumentos de aprendizaxe

⇒ **Competencia social e cidadá**

- escoita de xeito activo
- Mostra unha actitude flexible e dialogante en situacións problemáticas
- Acepta a todos os compoñentes do grupo
- Colabora activamente nas tarefas de grupo
- Respecta o traballo e as opinións dos demais
- Mostra expectativas positivas cara ao traballo en equipo
- Participa na elaboración das normas da clase
- Cumpre cos acordos e é consciente das consecuencias do seu incumprimento
- Formula preguntas, queixas e peticións nun marco de respecto
- Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízos
- Compara e contrasta diferentes culturas
- Valora a lingua estranxeira como medio de comunicación e entendemento

⇒ **Competencia cultural e artística**

- Describe unha obra artística utilizando a linguaxe axeitada: materiais, cores, texturas,...
- Discrimina información relevante e complementaria dun texto ou audición relativa a unha expresión cultural: cancións, pinturas, etc.

- Identifica, describe e respecta as manifestacións de diversas culturas
- Identifica semellanzas e diferenzas entre outras culturas e a propia
- Ten independencia de criterio ao ofrecer a súa opinión sobre unha manifestación cultural
- Xustifica e argumenta a súa opinión

⇒ **Aprender a aprender**

- Mostra coñecemento e confianza de si mesmo
- Recoñece e acepta os erros e críticas
- Argumenta e xustifica as súas opinións
- Actúa con seguridade e sen inhibición
- É realista na valoración entre o esforzo dedicado e o resultado obtido
- Busca solucións a problemas de aprendizaxe da lingua ou outros
- Móstrase dialogante
- Contrasta o aprendido co seu coñecemento previo
- Planifica e organiza o espazo de estudio, os materiais e o tempo
- Identifica obstáculos e interferencias no seu proceso de estudio
- Identifica elementos de motivación no seu proceso de aprendizaxe
- Ten autocontrol da súa atención, concentración e perseveranza na tarefa
- Utiliza técnicas de aprendizaxe: lectura eficaz, subliñado, resumo, mapas conceptuais, etc.
- Usa sistemas de arquivo de material de estudio e recuperación: apuntamentos, lecturas, actividades, etc.
- Mostra iniciativa ao consultar outras bases de datos ou fontes de información

- Autoavalía de forma realista o proceso e o resultado da presentación das súas tarefas

⇒ **Autonomía e iniciativa persoal**

- Formula e resolve preguntas e problemas
- Busca alternativas a procesos ou solucións diferentes e imaxinativas
- Toma decisións
- Mostra iniciativa na busca de información, a lectura, etc.
- Usa unha linguaxe realista para falar de si mesmo
- Recoñece os erros e acepta e responde axeitadamente ás críticas
- Argumenta e xustifica as súas preferencias, ideas e opinións
- É responsable no desenvolvemento da actividade tanto individual como de equipo
- Mostra autocontrol, perseveranza, superación e rigor
- Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízo ou estereotipo
- Está aberto aos cambios e non os percibe como ameaza
- Autoavalía o proceso de aprendizaxe e valora os erros para mellorar
- Ten independencia de criterio
- Actúa de xeito flexible e dialogante en situacións problemáticas
- Fixa obxectivos e metas

3. 3. Actividades e avaliación das competencias clave.

As **actividades** incluídas nesta programación foron deseñadas para desenvolver os contidos, practicar as competencias básicas e así alcanzar os obxectivos establecidos. As devanditas actividades son de tipoloxía e de duración moi variada: exercicios ordenados secuencialmente que traballan as distintas destrezas, ben sexa de tipo individual, ou de tipo colectivo por parellas ou en grupos, combinando a reflexión autónoma do alumno co traballo cooperativo, a investigación e a interrelación dos distintos temas abordados cos seus propios intereses e aplicados a situacións reais da vida cotiá.

A **avaliación das competencias básicas** debe ser un proceso paralelo ao da avaliación da aprendizaxe dos contidos, tendo en conta que a devandita aprendizaxe debe serlles útil na práctica para abordar calquera aspecto da súa vida diaria e lograr a súa realización persoal. De maneira que con esta avaliación das competencias o profesor debe ser capaz de ditaminar como os coñecementos adquiridos contribúen ao seu proceso madurativo e á súa preparación para a vida adulta en todos os ámbitos, tanto o persoal como o académico.

A avaliación por competencias, como calquera tipo de avaliación, debe realizarse na súa fase inicial, durante o desenvolvemento do curso e na fase final de consecución de resultados, e consiste en determinar a capacidade do alumno para aplicar os coñecementos adquiridos á resolución de situacións reais, en diferentes contextos e próximas ao seu cotiá.

4. CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE :

4.1. Temporalización.

curso	AVALIACIÓNS	UNIDADES DIDÁCTICAS	DURACIÓN ESTIMADA
1º eso	1ª	1,2,3	33 sesións
	2ª	4,5,6	33 sesións
	3ª	7,8,9	33 sesións
2º eso	1ª	1,2,3	33 sesións
	2ª	4,5,6	
	3ª	7,8,9	
3º eso	1ª	1,2,3	33 sesións
	2ª	4,5,6	
	3ª	7,8,9	
4º eso	1ª	1,2,3	33 sesións
	2ª	4,5,6	
	3ª	7,8,9	

4.2. Grao mínimo de consecución para superar a materia.

Para superar a materia de inglés de cada ún dos cursos o alumno terá que ter acadado os seguintes obxectivos:

1.- Coñecemento dos contidos conceptuais e capacidade de expresión na lingua inglesa utilizando os contidos de referencia nun grado mínimo do 50% .O profesor terá en conta os estándares de aprendizaxe avaliable definidos nesta programación para determinara a porcentaxe de logro destes contidos.

2. Ter aprobadas tódalas competencias avaliadas.

3.- Realización de tódolos traballos, tarefas e proxectos encomendados polo profesor durante o curso, tanto individualmente como en grupo cuidando a pulcritude na presentación.

4.- Actitude respetuosa, receptiva e participativa na clase.

5.- Esfuerzo por usar o Inglés como lingua vehicular na aula.

4.3. Procedementos e instrumentos de avaliación.

Hai tres tipos de avaliación que son necesarias, a primeira antes, a segunda durante e a terceira ao final do proceso. As tres complementan e axudan ao profesor e ao alumno a determinar os progresos e correxir anomalías no proceso de aprendizaxe.

- Observación do traballo de clase e da casa para avaliar o progreso tanto individual como colectivo.
 - Realización dos exercicios do Workbook.
 - Observación do traballo das destrezas a través dos exercicios de reading, writing, listening e speaking do Student ' s Book
- ⇒ **Avaliación diagnóstica/ Inicial** : Realízase antes das novas aprendizaxes, para coñecer as ideas previas dos alumnos (saberes e competencias) sobre os que ancorarán os coñecementos novos.
- Realizarase un test de diagnóstico ao comenzo do curso coa única finalidade de que o alumno coñeza o seu punto de partida no presente curso.

- ⇒ **Avaliación formativa:** Dáse dentro do proceso para obter datos parciais sobre os coñecementos e competencias que se van adquirindo e permite a devandita información a toma de decisións pedagóxicas (avanzar no programa ou retroceder, cambiar estratexias metodolóxicas, quitar, simplificar ou agregar contidos, etcétera).
Previamente as probas escritas de cada avaliación realizase un repaso cun control acumulativo , non puntuable para a nota de avaliación, da linguaxe de cada unidade e outro ao final da terceira unidade de casa avaliación para axudar ao alumno a identificar as partes da materia na que debe incidir para que a aviación final sexa positiva.
- ⇒ **Avaliación sumativa:** É a que se efectua ao final dun ciclo, abrangendo longos períodos temporais, para comprobar se adquiriron as competencias e saberes que permitan promover de curso o alumno, ou acreditar coñecementos mediante certificacións. É o xuízo final do proceso, con visión retrospectiva, observando o produto da aprendizaxe.
Haberá probas escritas co obxecto de e comprobar a adquisición dos contidos das unidades didácticas en cada unha das destrezas. Axudarán ao docente e ao alumno a identificar as áreas e destrezas nas que necesita estudar máis.

4.4. Rúbricas

Esta avaliación non consiste tanto nunha cuantificación senón nunha ferramenta que nos sirva para adaptar o propio proceso de ensino a cada situación pedagóxica concreta, para lograr que a avaliación sexa un proceso continuo, para o cal será necesario utilizar instrumentos de avaliación como por exemplo a "**Rúbrica**".

A rúbrica consiste nunha matriz de avaliación na que se proporcionan catro niveis de consecución do logro para cada un dos descritores.

RÚBRICA Competencia en comunicación lingüística	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Acceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
ESCOITAR:				
Interpreta os elementos paralingüísticos (verbais e non verbais), para a comprensión do texto.				
Relaciona o vocabulario con outras áreas específicas do saber				
Comprende de forma global a audición: título, intención xeral...				
Usa adxectivos, adverbios, nexos, verbos, expresións e locucións,... para a comprensión das relacións espazo temporais e lóxicas				
Recoñece o significado contextual das distintas modalidades oracionais				
Identifica ideas principais e secundarias; feitos e opinións; aspectos reais e fantásticos				
Identifica relacións entre o contido do texto e contidos doutras áreas e situacións				
Ten opinión persoal sobre o contido das audicións				
Identifica o formato ou tipo de audición				
Relaciona os elementos formais coa intención da audición.				
FALAR:				
Exprésase de xeito claro e fluído con pronunciación, ritmo, ton e confianza				
Usa elementos paralingüísticos e estratexias de comunicación				

RÚBRICA Competencia en comunicación lingüística	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Desenvolve o discurso de xeito organizado: inicio, progreso e conclusión				
Usa un repertorio léxico rico tanto en cantidade coma en variedade				
Incorpora información relevante e complementaria				
Responde a preguntas formuladas sobre a información presentada				
Usa categorías gramaticais, (nomee, pronome, adxectivo, determinantes, verbo, adverbios, conectores,...) para enriquecer o discurso				
Usa distintos formatos e tipoloxías de textos en función da intencionalidade do discurso				
Manifesta interese por mostrar coñecementos relacionados coa exposición				
CONVERSAR:				
Exprésase de xeito claro e fluído con pronunciación, ritmo, ton e confianza				
Utiliza patróns lingüísticos adaptados.				
Inicia a conversación: saúdo, presentación propia e doutras persoas, presentación de elementos do contexto e do tema.				
Mantén o diálogo e a comunicación de forma ordenada				
Pecha a conversación con resumos, síntese, acordos, tarefas, ...				
Usa un vocabulario axeitado				
Comprende opinións e puntos de vista doutros interlocutores				
Expón e argumenta a propia opinión e punto de vista				

RÚBRICA Competencia en comunicación lingüística	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Valora a conversación e o diálogo en situacións cotiás e para a resolución de conflitos				
LER:				
Le de xeito expresivo (pronunciación, acentuación e ton de palabras, frases e textos) utilizando os elementos sonoros para mellorar a comprensión do texto				
Define e usa o vocabulario				
Comprende o texto de forma global: título, intención xeral...				
Interpreta elementos contextuais asociados á comprensión do texto				
Coñece e utiliza as estruturas gramaticais para a expresión de relacións e do contido proposto (coordinación, subordinación, comparación, condición,)				
Opina sobre o contido e a forma do texto				
Valora e opina acerca da información obtida				
Identifica o tipo e estilo do texto en función da intención comunicativa: (carta formal, informal, correo electrónico, convite, ...)				
Autovalora o nivel de comprensión alcanzado				
Identifica e interpreta relacións entre o texto e os contidos doutras áreas e situacións				
Goza coa lectura autónoma				
ESCRIBIR:				
Presenta o traballo escrito de forma clara, ordenada e adaptada ao formato,				
Elabora un guión previo				

RÚBRICA Competencia en comunicación lingüística	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Desenvolve o texto de xeito organizado: inicio, progreso e conclusión				
Integra información relevante e complementaria (adxectivación, inserción de expresións explicativas, aclaracións, definicións, comentarios, ...)				
Constrúe palabras de forma ortográficamente correcta				
Usa os signos de puntuación				
Usa correctamente as diferenzas relacionadas co paso da lingua oral a escrita (estilo directo e indirecto, usos coloquiais)				
Usa distintos formatos e tipoloxías de textos en función da intencionalidade e situación				
Integra elementos de apoio (ilustracións, gráficos, características tipográficas, ...)				

RÚBRICA Competencia para o coñecemento e a interacción co medio físico	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Usa a linguaxe de xeito eficaz na consulta de fontes de información, xestión do coñecemento adquirido ,etc				
Ten hábitos correctos de hixiene, descanso e coidado persoal				
Practica o consumo racional				
Móstrase crítico ante as necesidades de consumo creadas pola publicidade				

Coñece e entende as consecuencias dos desastres naturais e provocados pola acción do home				
-------------------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	--

RÚBRICA Tratamento da información e competencia dixital	Insuficiente e 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable e 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente e 9 a 10 Sempre
Coñece e aplica ferramentas informáticas: panel de control, procesadores de texto, follas de cálculo, bases de datos, etc.				
Localiza información de distintas fontes: CD-ROM, buscadores, etc.				
Usa ferramentas de comunicación social: correo, foros, etc.				
Coñece as normas de comunicación en ámbitos virtuais				
Fai un uso ético, responsable e seguro de Internet.				

RÚBRICA Competencia Social e Cidadá	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Escoita de xeito activo				
Mostra unha actitude flexible e dialogante en situacións problemáticas				
Participa na elaboración das normas da clase				
Cumpre cos acordos e é consciente das consecuencias do seu incumprimento				
Formula preguntas, queixas e peticións nun marco de respecto				
Identifica e rexeita calquera tipo de prexuízos				
Compara e contrasta diferentes culturas				
Valora a lingua estranxeira como medio de comunicación e				

entendemento				
RÚBRICA Competencia Cultural e Artística	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Describe unha obra artística utilizando a linguaxe axeitada: materiais, cores, texturas,...				
Identifica, describe e respecta as manifestacións de diversas culturas				
Identifica semellanzas e diferenzas entre outras culturas e a propia				
Xustifica e argumenta a súa opinión				

RÚBRICA Aprender a Aprender	Insuficiente 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptable 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8 case sempre	Excelente 9 a 10 Sempre
Mostra coñecemento e confianza de si mesmo				
Recoñece e acepta os erros e críticas				
Argumenta e xustifica as súas opinións				
Actúa con seguridade e sen inhibición				
Busca solucións a problemas de aprendizaxe da lingua ou outros				
Móstrase dialogante				
Asocia a aprendizaxe ao interese, a preparación, a utilidade, a recompensa, etc. que ten no presente e no futuro				
Usa sistemas de arquivo de material de estudio e recuperación: apuntamentos, lecturas, actividades, etc.				
Mostra iniciativa ao consultar outras bases de datos ou fontes de información				

RÚBRICA Autonomía e Iniciativa Persoal	Insuficient e 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptabl e 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8case sempre	Excelent e 9 a 10 Sempre
Formula e resolve preguntas e problemas				
Busca alternativas a procesos ou solucións diferentes e imaxinativas				
Mostra iniciativa na busca de información, a lectura, etc.				
Argumenta e xustifica as súas preferencias, ideas e opinións				
É responsable no desenvolvemento da actividade tanto individual como de equipo				
Autoavalía o proceso de aprendizaxe e valora os erros para mellorar				
Ten independencia de criterio				
Actúa de xeito flexible e dialogante en situacións problemáticas				
Fixa obxectivos e metas				

RÚBRICA Competencia Matemática	Insuficient e 0 a 4 Nunca ou case nunca	Aceptabl e 5 a 6 A miúdo	Bo 7 a 8case sempre	Excelent e 9 a 10 Sempre
Identifica, coñece e usa en inglés os números ordinais , cardinais,cifras,porcentaxes e demais vocabulario matemático do currículo da etapa				

Comprende o enunciado dunha actividade relativa a datos, cifras , estatísticas...				
-----------------------------------------------------------------------------------	--	--	--	--

5. CONCRECIÓN METODOLÓXICA QUE REQUIRE A MATERIA DE LINGUA EXTRANXEIRA.

O enfoque que se lle vai dar a esta materia é fundamentalmente **comunicativo** e **pragmático** tendo en conta que se aprende para comunicarse e comunícase para facer algo polo tanto a lingua empregada debe de ser unha lingua funcional, presentada en situacións de comunicación simuladas de intercambios reais na aula. Por iso, a metodoloxía deste Departamento artículase en torno aos seguintes principios básicos:

- Aprender unha lingua para comunicarse e desenvolverse con éxito no plano oral e no escrito de maneira natural.
- Prestar unha atención especial á aplicación das estratexias e técnicas de aprendizaxe para que o alumno/a poida enfrontarse a situacións reais de comunicación.
- Entender o funcionamento do sistema lingüístico e reflexionar sobre o mesmo, comparándoo coa lingua materna, para así conseguir un bo nivel de comunicación.
- Recoñecer o sistema fonético, as funcións gramaticais e o vocabulario para empregalos en situacións reais de

comunicación.

- Desenvolver e dominar de forma integrada as catro destrezas básicas: *listening, speaking, reading e writing*.
- Ofrecer ao alumnado todas as facilidades posibles para que amplíe os seus coñecementos sobre os aspectos socioculturais da lingua que está aprendendo e para que asimile a cultura da que forma parte, evitando así que exprese os seus logros soamente en termos morfosintácticos e funcionais.
- Espertar no alumno a responsabilidade de conseguir a autonomía no seu proceso de aprendizaxe, recoñecendo os métodos de estudo e o tipo de organización que mellor lle conveña.
- Motivalo con temas de interese e ofrecerlle ao longo do curso unhas metas claras.

6. MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Dende este curso 2021-22, tódolos alumnos disporán do seu propio ordenador portátil e os recursos obteráanse de distintas fontes:

1. EDIXGAL
2. Material pertencente ao Departamento de Inglés que se empregará nas aulas cando as profesoras o consideren de utilidade: Libros de texto, de exercicios, libros de lectura...
3. Páxinas web de diferentes editoriais ,BBC-english, Blogs de aprendizaxe de ingles, etc...
4. A editorial Burlington ofrecéunos todo o material de apoio necesario do seu título “New English in Use”, que xa estábamos a empregar en 3º e 4º de ESO. Agora tamén temos a nosa disposición os libros dixitais de 1º e 2º de ESO. Pediráselles a todos os alumnos da eso que merquen , como material de apoio na aula os seguintes libros de exercicios:

1º ESO: - WORKBOOK "New English in Use 1", editorial Burlington books

2º ESO: - WORKBOOK "New English in Use 2", editorial Burlington books

3º ESO: WORKBOOK "New English in Use 3", editorial Burlington books

4º ESO: WORKBOOK "New English in Use 4", editorial Burlington books.

O libro do alumno e do profesor do libro electrónico constitúen os instrumentos centrais posto que coloca en situación a lingua que se vai aprender e serve de referencia para o conxunto de actividades a desenvolver.

Os contidos presentados nos libros electrónicos e no material EDIXGAL, van acompañados de numerosos soportes visuais(debuxos, fotografías, audios, videos etc...) con funcións moi variadas. Os contidos apóianse tamén en gravacións que completan a información facilitada polas imaxes aportando o *barullo* e as voces que dan autenticidade ás situacións de comunicación. Tamén os libros dixitais aproveítanse de xeito moi fructífero xa que dispoñemos nas aulas de inglés de pizarra electrónica e conexión a Internet. Internet permítenos ampliar e reforzar os contidos con película, videos e recursos educativos de diferentes páxinas web, blogs adicados ao ensino das linguas ou engadindo contidos transversais empregando o inglés como lingua vehicular.

Tanto nas actividades orais como escritas faise uso de materiais auténticos e non auténticos. Os primeiros permiten que o alumno se atope con mostras orais e escritas da lingua en condicións reais de uso coa súa variedade de

formatos, estilos, acentos e en distintas condicións de percepción e produción. Deste xeito a lingua sitúase no seu axeitado contexto sociocultural permitindo ao alumnado a posibilidade de desenvolver estratexias e proporcionando a motivación necesaria para a aprendizaxe autónoma.

Como apoio a todo o material que os acompaña (*workbooks*, videos, CD para o alumno, follas de extensión e reforzo, *teacher's resource pack*, EDIXGAL etc.) tamén faremos uso da música e das posibilidades que nos ofrecen as novas tecnoloxías, canón de vídeo, pizarra electrónica, internet, etc.

Ademais, co ánimo de fomentar a lectura en Inglés, tentaremos de implementar o uso do material editado en inglés que ten a biblioteca en servizo de préstamo.

7. AVALIACIÓN

A avaliación é unha actividade imprescindible nas tarefas docentes. Toda acción educativa debe ir acompañada dun proceso que valore e introduza propostas de mellora e que guíe e informe ós participantes (profesorado, alumnado, pais e nais...) sobre o desenvolvemento dos procesos educativos e das súas posibles modificacións, para conseguir con

éxito os obxectivos que se propoñen.

Desde unha concepción actualizada, a avaliación aparece como un instrumento ó servicio do proceso de ensinanza e aprendizaxe, integrada no quefacer diario da aula e do centro educativo. Ademais, debe ser o punto de referencia na adopción de decisións que afectan á intervención educativa, á mellora do proceso e ó establecemento de medidas de reforzo educativo ou de adaptación curricular.

Plantexamos pois, a avaliación como unha actividade basicamente estimativa e investigadora. Por iso, facilita o cambio educativo e o desenvolvemento profesional dos docentes, pois afecta no so ós procesos de aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, se non tamen ós procesos de ensinanza e ós proxectos curriculares.

A aprendizaxe dos alumnos e das alumnas será un dos obxectivos da avaliación educativa, pero non o único. Iso non quere dicir que a avaliación deba abandonarse ou non poida plantexarse con rigor, senon que non pode tratarse dun modo aillado, pois forma parte do proceso educativo.

A **avaliación** proposta identifícase coas seguintes características:

Debe ser continua. A avaliación é un elemento inseparable do proceso educativo. Está inmersa no proceso de ensinanza e aprendizaxe co fin de detectar as dificultades no momento en que se producen, averiguar as súas causas e, en consecuencia, adaptar as actividades de ensinanza e aprendizaxe.

Debe ser integradora. O carácter integrador da avaliación na Educación Secundaria Obligatoria esixe ter en conta as capacidades xerais establecidas nos obxectivos da etapa, a través das expresadas nos obxectivos das distintas áreas e

materias. A avaliación da aprendizaxe dos alumnos nesta etapa educativa será, pois, continua e integradora, aínda que diferenciada según as áreas e materias do currículo.

Debe ser formativa, cualitativa e contextualizada. A avaliación estará vinculada ó seu entorno e a un proceso concreto de ensinanza e aprendizaxe.

7.1. Criterios de avaliación

Primeiro Curso do ESO

- 1.- Comprender a idea xeral e as informacións específicas máis relevantes de mensaxes orais emitidas cara a cara ou por medios audiovisuais sobre asuntos cotiás se se fala amodo e con claridade.
- 2.- Comunicarse oralmente participando en conversas e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente, utilizando as estratexias axeitadas para facilitar a continuidade da comunicación e producindo un discurso comprensible e axeitado á intención de comunicación.
- 3.- Identificar e interpretar palabras e enunciados sinxelos e contextualizados, en situacións de comunicación significativas para o alumnado,coa axuda de elementos textuais e non textuais, sobre temas variados e outros relacionados con outras materias do currículo.
- 4.- Redactar de forma guiada textos breves en diferentes soportes utilizando as estruturas, as funcións e o léxico axeitados, así como algúns elementos básicos de cohesión, partindo de modelos e respectando as regras elementais

de ortografía e puntuación.

5.- Na lingua propia, comparar aspectos da vida cotiá dos países nos que se fala a lingua estranxeira cos propios, identificando elementos básicos e evitando estereotipos.

6.- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira estudada.

7.- Identificar e utilizar algunhas estratexias utilizadas para progresar na aprendizaxe.

8.- Usar de forma guiada as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir mensaxes a partir de modelos para establecer relacións persoais amosando interese polo seu uso.

Segundo Curso do ESO

1.-Comprender a idea xeral e informacións específicas de mensaxes orais emitidas cara a cara ou procedentes de distintos medios audiovisuais, sobre temas coñecidos.

2.-Participar con progresiva autonomía en conversas e simulacións relativas ás experiencias persoais, plans e proxectos, empreñando estruturas sinxelas, as expresións máis usuais de relación social, e unha pronuncia axeitada para conseguir a comunicación.

3.-Comprender a información xeral e a específica de diferentes textos escritos, auténticos e adaptados de extensión variada e axeitados á súa idade, demostrando comprensión mediante unha actividade específica.

4.-Redactar de xeito guiado textos diversos en diferentes soportes, empreñando estruturas, conectores sinxelos e léxico adecuados, coidando os aspectos formais e respectando as regras elementais de ortografía e de puntuación

para que sexan comprensibles ao lector e presenten unha corrección aceptable para a comunicación.

5.-Utilizar os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira, en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autoaprendizaxe e de autocorrección de producións orais e escritas e para comprender as producións alleas.

6.-Identificar e utilizar algunhas estratexias básicas utilizadas para progresar na aprendizaxe.

7.- Usar de xeito guiado as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información, producir textos a partir de modelos e para establecer relación persoais mostrando interese polo seu uso.

8.-Identificar e poñer exemplos dalgúns aspectos sociais, culturais,históricos,xeográficos ou literarios propios de países onde se fala a lingua estranxeira e amosar interese por coñecelos.

9.-Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito,sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

Terceiro Curso do ESO

1.-Comprender a idea principal e algúns detalles máis relevantes de textos en mensaxes orais sinxelas sobre temas concretos e coñecidos emitidas con claridade.

2.-Participar en conversas e simulacións breves, relativas a situacións habituais ou de interese persoal e con diversos fins comunicativos, empreñando as convencións propias da conversa e as estratexias necesarias para resolver as dificultades durante a interacción.

- 3.-Comprender a información xeral e todos os datos relevantes de textos escritos auténticos de extensión variada recoñecendo feitos e opinións e identificando, no seu caso, a intención comunicativa do autor.
- 4.-Redactar de xeito guiado textos diversos,coidando o léxico, as estruturas, e algúns elementos de cohesión e coherencia para marcar a relación entre ideas e facelos comprensibles ao lector.
- 5.-Empregar de xeito consciente en contextos de comunicación variados os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira como instrumento de autocorrección e de autoavaliación das producións propias orais e escritas e para comprender as producións alleas.
- 6.-Identificar e utilizar diferentes estratexias empregadas para progresar na aprendizaxe.
- 7.- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación para buscar información de xeito progresivamente autónomo, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relación persoais orais e escritas,mostrando interese polo seu uso.
- 8.-Identificar os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira,sinalar as características máis significativas dos costumes,normas,actitudes e valores da sociedade da que se estuda a lingua e amosar unha valoración positiva de patróns culturais distintos aos propios.
- 9.-Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito,sobre temas previamente traballados na aula, para facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

Cuarto Curso do ESO

- 1.-Comprender a idea principal e os detalles máis relevantes de textos de mensaxes orais emitidas en situacións de

- comunicación interpersonal ou polos medios audiovisuais, sobre temas que non exixan coñecementos especializados.
- 2.- Participar en conversas e simulacións utilizando estratexias axeitadas para iniciar, manter e terminar a comunicación, producindo un discurso comprensible e adaptado ás características da situación e a intención comunicativa.
 - 3.- Comprender a información xeral e específica de diversos textos escritos auténticos e adaptados e de extensión variada, identificando datos, opinións, argumentos, informacións implícitas e intención comunicativa do autor.
 - 4.- Redactar con certa autonomía textos diversos cunha estrutura lóxica, utilizando as convencións básicas de cada xénero, o léxico apropiado ao contexto e os elementos necesarios de cohesión e coherencia, de maneira que sexan facilmente comprensibles para o lector.
 - 5.- Utilizar de forma consciente os coñecementos adquiridos sobre o sistema lingüístico da lingua estranxeira en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de autocorrección e de autoavaliación tanto das producións propias como das alleas.
 - 6.- Identificar, utilizar e explicar estratexias empregadas, poñer exemplos doutras e decidir sobre as máis axeitadas ao obxectivo da aprendizaxe.
 - 7.- Usar as tecnoloxías da información e a comunicación con certa autonomía para buscar información, producir textos a partir de modelos, enviar e recibir mensaxes de correo electrónico e para establecer relacións persoais orais e escritas, mostrando interese polo seu uso.
 - 8.- Identificar e describir os aspectos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira e establecer algunhas relacións entre as características máis significativas dos costumes, usos, actitudes e valores da sociedade falante da lingua en estudo e a propia, e amosar respecto cara a elas.
 - 9.- Reformular na lingua propia o sentido dun texto, oral ou escrito, sobre temas previamente traballados na aula, para

facelo comprensible a interlocutores que descoñecen a lingua estranxeira en estudo.

7.2. Sistema de cualificación

Educación Secundaria Obrigatoria

Educación Secundaria Obrigatoria_ curso 2022-23 .

O Departamento de Inglés asume os principios da **Avaliación Continua**, avaliándose sempre tódolos contidos explicados ata o momento de cada proba. **Que a avaliación sexa continua implica que non haberá probas específicas de recuperación nin unha proba de avaliación extraordinaria en xuño, posto que en cada avaliación se terán en conta os contidos vistos ata ese momento.**

Tanto nas notas numéricas correspondentes ás tres avaliacións do curso como ás de final de curso, un 90% corresponderá á valoración das probas obxectivas e o 10% restante valorará o traballo diario dentro e fora da aula.

1. Sistema de cualificación das probax obxectivas (90% da nota)

Cada avaliación o alumno terá probas de "listening", "reading", "writing: vocabulary + grammar" e "speaking" (si é posible). Tódos eles darán unha única nota por avaliación, xa que contarán como diferentes preguntas de un único exámen feito en varias sesións.

Ao final de curso farase a media ponderada coas medias numéricas reais de cada unha das tres avaliacións (non as notas redondeadas que teñen que aparecer nos boletíns de notas). A ponderación será a seguinte:

- ⇒ 20% para a primeira avaliación
- ⇒ 30% para a segunda
- ⇒ 50% para a terceira.

O alumno poderá superar o curso tanto por obter resultado positivo na media ponderada das 3 avaliacións, coma por aprobar a terceira avaliación.

2. Sistema de cualificación das actitudes na aula (10% da nota):

Este departamento considera de obrigado cumprimento para os alumnos as seguintes actitudes:

- 1 Facer diariamente as tarefas encomendadas polo profesor, durante as clases e como "deberes" para casa.
- 2 Facer o esforzo de colaborar na corrección de exercicios na aula e na práctica da destreza "speaking", cando o profesor así o solicite.

3 Entregar tódalas tarefas da Aula Virtual e/ou do Webbook.

**Aqueles alumnos que o profesor atope copiando ou utilizando un móbil nun exame serán cualificados cun 1 en dita proba.*

3. ALUMNOS PENDENTES de Inglés.

**Os alumnos que estén cursando 2º PMAR recuperarán a materia dentro do seu "Ámbito de Lingua Extranxeira" (Non teñen que comprar estes libros nin facer estas probas).*

Aqueles alumnos que teñen pendente a asignatura do curso anterior serán obxecto dun seguimento por parte do profesor ou profesora que lles imparte clase no curso actual. Esta persoa controlará o seu traballo e fará un seguimento da súa evolución ao longo do curso .

1. Os alumnos con Inglés pendente de cursos anteriores (excepto 2 PMAR) deberán mercar os seguintes libros de traballo para preparar os 3 probas que terán lugar 2 semanas antes de cada avaliación:

LIBRO DE INGLÉS PARA ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 1º ESO

Título	AUTOR	Editorial	Idioma	ISBN
New English in Use 1 <i>Basic practice (papel)</i>	Linda Marks	Burlington books	Inglés y Castellano	978-9963-273-13-3

LIBRO DE INGLÉS PARA ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 2º ESO

Título	AUTOR	Editorial	Idioma	ISBN
New English in Use 2 <i>Basic practice (papel)</i>	Linda Marks	Burlington books	Inglés y Castellano	978-9963-273-14-0

LIBRO DE INGLÉS PARA ALUMNADO COA MATERIA PENDENTE DE 3º ESO

Título	AUTOR	Editorial	Idioma	ISBN
New English in Use 3 <i>Basic practice (papel)</i>	Linda Marks	Burlington books	Inglés y Castellano	978-9963-273-15-7

2. Os alumnos de 2º(excepto 2 PMAR), 3º e 4ºESO coa materia de inglés suspensa do curso ou cursos anteriores teñen **varias oportunidades** de aprobala. Daráselles por aprobada nos seguintes casos:

2.1. Si aproban a 1º avaliación do curso no que atopan. O motivo é que na 1º avaliación farase un repaso dos contidos do curso anterior.

2.2. Si, ao final de curso, aproban a asignatura de Inglés do curso actual.

2.3. Si a media das 3 probas de Pendentes é un 5 ou máis. Si obteñen un 5 na última proba, na que se examinan tódolos

contidos.

3. Organización de *contidos das probas de pendentes* de Inglés:

	<u>1ª examen</u>	-	<u>2ª examen</u>	-	<u>3ª examen</u>
<u>1º/2º/3º ESO</u> :	Unidades 1 á 3		Unidades 1 á 6		Tódalas unidades do libro

4. Sinálanse a continuación as **datas do curso académico 2022-23** para a realización das probas de Inglés **pendente**, que *terán lugar durante o período de clase co seu profesor de aula, aínda que serán diseñadas e corrixidas pola Xefa de Departamento.*

- **1º examen:** semana do 14 ao 18 de novembro.
- **2º examen:** semana do 23 ao 27 de xaneiro.
- **3º examen:** semana do 8 ao 12 de maio.

9. MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

A atención á diversidade require unha atención o suficientemente variada como para que cada alumno/a atope as condicións óptimas para o desenvolvemento con éxito da súa aprendizaxe. Polo tanto, flexibilizar a intervención pedagóxica é unha condición obrigada se se quere atender correctamente á diversidade do alumnado.

Esta diversidade queda reflectida nas diferencias que amosan os/as alumnos/as en canto a:

- Os seus coñecementos previos.
- As súas ideas e representacións respecto á materia, neste caso, o Inglés.
- As súas aptitudes.
- Os seus intereses e expectativas.
- Os seus diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe.
- As súas actitudes con respecto á escola.

Faráse unha programación persoal do profesor/a que terá en conta estas diferencias e preverá que todo o alumnado acade un nivel de coñecementos e destrezas mínimos ao final de cada etapa, procurando dar as oportunidades e os medios necesarios para compensar os elementos e destrezas non adquiridos no seu momento. Ao mesmo tempo proveránse fontes e materiais para satisfacer as necesidades de ampliación de aquelas/es alumnas/os que acaden mais rapidamente os obxectivos fixados

Para favorecer o tratamento da diversidade propoñemos a diversificación das técnicas e modalidades pedagóxicas:

- a Organización do espacio-clase e o agrupamento do alumnado segundo as actividades e segundo os intereses e motivacións das/os alumnas/os.
- b Utilización de pluralidade de técnicas segundo os estilos de aprendizaxe do alumnado: visuais, auditivas, cinéticas, globalistas.
- c Aplicación de distintas modalidades de traballo: individual, en parellas, en grupo, etc..
- d Utilización de diversos materiais e soportes: auditivos, escritos, visuais, telemáticos.
- e Alternancia de actividades e duración das mesmas.
- f Diversificación de contidos para un mesmo obxectivo.
- g Diversificación de actividades de aprendizaxe para un mesmo contido.

Os desdobres serán fixos : cada grupo se dividirá en dous e cada metade terá o mesmo profesor en horario diferente durante todo o curso. Todas estas medidas permitirán non só atender mellor ós alumnos de Necesidades Educativas Especiais senón tamén axudar a reforzar nestes grupos máis reducidos as destrezas de “listening” e “speaking”.

Aos alumnos diagnosticados con altas capacidades faráselles un programa de **enriquecemento curricular**. Isto suporá proporcionarlle material de traballo de ampliación de contidos que estará suxeito a súa avaliación correspondente para valorar o seu progreso e consecución dos obxectivos. Para estes alumnos diagnosticados con altas capacidades ou outros con un alto nivel de desenrolo na materia , aportaranse recursos das diferentes páxinas web das editoriais Oxford University press e Macmillan . Consideramos fundamental para estes alumnos unha oferta

ampla de recursos para o seu uso autónomo, como son os recursos online: webs de editoriais, videos e cursos en Youtube, Páxinas de institucións como o British council, diferentes blogs, dicionarios online...

Aos alumnos con outros diagnósticos tales como dislexia , trastorno de déficit de atención, Asperger etc , que o precisen, adaptarásenlle os tempos e a carga de información das probas escritas e o seu formato (DIN A2) para reducir , no posible, o nivel de stress que estas lles produce . Valorarás a posibilidade de facer estas probas de xeito oral.

10.- USO DAS TICS.

Dende este curso 2021_22 todos nosos alumnos disporán dun ordenador portátil e conexión a internet e acceso á plataforma EDIXGAL.

Farémos o mellor uso posible de este material e o complementarémos con outros dos que xa dispoñemos no departamento e na biblioteca do Centro .

Na actualidade o noso alumnado xa é perfectamente consciente das inmensas posibilidades que ofrecen as novas tecnoloxías, nomeadamente Internet, á hora da aprendizaxe autónoma. Pola nosa banda, os profesores de idiomas xa levamos moito tempo facendo uso delas cando se trata de:

- * Obter información sobre diferentes aspectos da cultura anglófona tales como o deporte, a música, o cine, a moda, a xeografía, a historia, etc.

- * Conseguir letras de cancións en Inglés en Youtube ou diferentes páxinas web ou blogs para traballar de xeito individual e na aula.

- * Acceso a páxinas específicas nas que poidan mellorar as diferentes destrezas lingüísticas.
- * Manter correspondencia vía correo electrónico con xoves de países onde se fala inglés.
- * Os alumnos fan uso do libro electrónico durante as clases. Esta ferramenta permítenos repetir oas tarefas mais complicadas as veces necesarias e con diferents alumnos que precisen reforzar un determinado punto do currículo.
- * Uso habitual de dicionarios online: Wordreference.com, diccionario "pons" de linguas, diccionario "Leo" de linguas....Todos eles aportan a gran ventaxa da pronunciación de palabras e frases das duas linguas consultadas en cada caso.
- *Asi mesmo o emprego da pizarra dixital resulta moi motivante para moitos alumnos que se esforzan para seren premiados co uso desta ferramenta tan atractiva para eles.

As aulas de inglés no centro están dotadas de: ordenador con acceso a Internet, cañón de proxección e pizarra dixital e libro dixital en todos os niveis.

11.- FOMENTO DA LECTURA/ PLAN LECTOR ANUAL (PAL).

Na biblioteca do Centro dispoñemos dunha considerable cantidade de libros en lingua inglesa, a meirande parte con un CD incluído para escoitar a lectura dos mesmos , outros dirixen aos lectores á páxina web da editorial , donde poden escoitar e/ou descargar o arquivo de sonido. Tentaremos ir completandoo ano tras ano coa finalidade de facilitarlles aos alumnos material de lecturas en Inglés axeitado aos diferentes niveis. Ademais consideramos que este

material de biblioteca permítenos atender mellor á diversidade pola seguinte razón:

Aqueles alumnos que teñen un nivel baixo ou máis alto que a media do grupo teñen a posibilidade de levar para casa o libro de lectura adaptado ó seu nivel (moitos deles inclúen un CD co cal poden escoitalo ao tempo que o leen). Cada trimestre poden levar dous ou máis libros e deben de encher una ficha proporcionada polo profesor sobre información sobre o libro (persoaxes, argumento, etc), a súa opinión, listaxe de palabras novas aprendidas, etc. Todo este traballo de reforzo estará supervisado polo profesor/a e o terá en conta na nota de cada trimestre.

12. TEMAS TRANSVERSAIS.

O ensino baseado en temas propios dos adolescentes favorece un coñecemento e unhas actitudes previas por parte dos alumnos, o cal facilita unha maior motivación. Resultaría ilusorio pensar que todos os temas interesan a todos os alumnos, polo que é previsible un grao distinto de implicación en cada un deles. Por esa razón, os materiais curriculares abarcan temas como: o deporte e as actividades de lecer, a organización familiar, idade, aspecto físico e maneira de ser das persoas, relación entre os adolescentes, novas tecnoloxías, etc.

Os temas transversais que se van a tratar nos diferentes niveis son os seguintes:

- Educación ambiental
- Educación do consumidor
- Educación moral e cívica
- Educación para a igualdade de oportunidades de mulleres e homes
- Educación para a paz
- Educación para a saúde
- Educación vial.

13. ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS.

1º ESO (Por orde de prioridade)		
Nome da actividade.	Lugar de celebración	Datas aproximadas
Descrición mínima.		

❖ "Contacontos" (Relatos orais en inglés e galego)	No centro	Sen confirmar
❖ Teatro en inglés	Teatro Colón	Sen confirmar

2º ESO (Por orde de prioridade)		
Nome da actividade. Descrición mínima.	Lugar de celebración	Datas aproximadas
❖ "Contacontos" Relatos orais en inglés e galego	No Centro	Sen confirmar
❖ Teatro en inglés:	Teatro Colón	Sen confirmar

3º e 4º ESO (Por orde de prioridade)		
Nome da actividade. Descrición mínima.	Lugar de celebración	Datas aproximadas
❖ "Contacontos" (Relatos orais en inglés e galego)	No Centro	Sen confirmar
❖ <i>Teatro en inglés:</i>	Teatro Colón	3º trimestre

--	--	--

14.-INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR A PRÁCTICA DOCENTE

Esta programación non se considera un documento cerrado polo que debe avaliarse regularmente.

Esta Avaliación terá como meta acadar os seguintes obxectivos:

- Mellorar a nosa formación como docentes
- Fomentar a coordinación e cooperación entre o profesorado
- Reforzar as medidas relativas á atención á diversidade
- Avaliar os procesos de ensinanza-aprendizaxe

A devandita avaliación realizarase principalmente ao remate do presente ano académico cando se elabore a correspondente **Memoria de Fin de Curso** por parte dos membros do Departamento de Inglés.

Ese documento deberá contemplar os seguintes aspectos:

- Grado de cumprimento dos obxectivos marcados na programación
- Dificultades atopadas
- Aspectos que influiron nesas dificultades
- Aspectos que se deberán modificar e mellorar
- Propostas de cambios que se consideran necesarios

15. - MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS . PROCESOS DE MELLORA.

Enténdese por avaliación da Programación Didáctica a constatación da validez da mesma dende dous puntos de vista:

1. Coherencia entre todos os elementos que a compoñen:

- Os obxectivos e os contidos son os prescriptivos.
- Os contidos contribúen ao desenvolvemento dos obxectivos e das CCBB.
- Equilibrio no tratamento dos contidos.

Os obxectivos, os contidos e os criterios de avaliación son os prescritos polo decreto da ESO (*Decreto 133/2007, do 5 de xullo*) e Bacharelato (*Decreto 126/2008, do 19 de xuño*) da Consellería de Educación, polo que este departamento non realizará ningunha modificación que non sexa debida á falta de tempo para o desenvolvemento duns contidos demasiado extensos se se queren desenvolver as CCBB.

2. Desenvolvemento da Programación Didáctica:

- Coherencia entre todos os compoñentes da acción didáctica: obxectivos, actividades, metodoloxía, agrupamentos, organización do espazo e do tempo...
- Correspondencia entre a acción didáctica que realmente se aplica e a programada
- Desenvolvemento en función do nivel inicial do alumnado.

Ma teri a	Grupo	Os obxectivos e os contidos son os prescriptivos	Os contidos contribúen ao desenvolvemento dos obxectivos e das CCBB	Hai equilibrio no tratamento dos contidos	Hai coherencia entre todos os compoñentes da acción didáctica	Hai correspondencia entre a acción didáctica que realmente se aplica e a programada	O desenvolvemento da PD faise en función do nivel inicial do alumnado
-----------------	-------	--------------------------------------------------	---------------------------------------------------------------------	-------------------------------------------	---------------------------------------------------------------	-------------------------------------------------------------------------------------	-----------------------------------------------------------------------

ING	1°ESO						
ING	2°ESO						
ING	3°ESO						
ING	4° ESO						

16. CONTIDOS. ACTIVIDADES E TAREFAS DOS ESTANDARES E COMPETENCIAS.

Primeiro ESO

Trimestre	1
Sesi3ns-clases	Aprox 33

Tempo considerado de estudio na casa	Aprox 10
--------------------------------------	----------

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: unidade de repaso							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade ¹	Tipo de interacción ²	Destreza principal ³	Competencias ⁴	Tempo estimado ⁵
1	Vocabulario Gramática • aprender / revisar vocabulario de membros da familia • aprender / revisar os pronomes demostrativos • aprender / revisar os pronomes de suxeito e os adxectivos posesivos <i>Student 's Book</i>	Quentamento.	W	C	S W	CCL, CSC	3 sesións
		Vocabulario. Familia 1. Unir as palabras do recadro coas persoas da fotografía. ¿Que persoas non están na foto? escoitar e repetir.	P	P	R S	CCL, CSC, SIE	
		2 ¿Cantas palabras máis sobre a familia poden escribir nun minuto?	P	I	LW	CCL, CSC	
		Actividade extra	A R	I	W	CCL, CCEC, SIE	
		Gramática. Pronomes demostrativos. 3 Ler as frases da táboa. ¿Como se din as palabras en azul no seu propio idioma?	P	C	R S	CCL, CD, SIE	
		4 Copiar e completar as frases con <i>this, that, these ou those</i> .	P	I	W	CCL, CAA	
		Pronomes de suxeito e adxectivos posesivos. 5 Copiar e	P	I	R W	CCL, CAA	

1 W-Warm up, P-Principal, R-Reforzo, A-Ampliación, C-Consolidación, E-Avaliación.

2 I-Individual, P-Parellas, C-Clase.

3 L-Listening, S-Speaking, R-Reading, W-Writing.

4 **Competencias básicas ou disciplinares:** CCL: Competencia en comunicación lingüística; CMCT: Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía; **Competencias transversais:** CD: Competencia dixital; CAA: Aprender a aprender; CSC: Competencias sociais e cívicas; SIE: Sentido de iniciativa e emprendimento; CCEC: Conciencia e expresión cultural.

5

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: unidade de repaso							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		completar a táboa coas palabras do cadro.					
		6 Elixir as palabras correctas.	P	I	R	CCL, CAA	
		<i>Finished?</i>	A	I	W	CCL, CSC, CAA	
2	Vocabulario Gramática • aprender / revisar días, meses e datas • aprender / revisar os posesivos • escribir frases sobre a familia <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	W	CCL, SIE	
		Vocabulario. Días, meses e datas. 1. Escribir os doce meses do ano na orde correcta. Despois escoitar, comprobar e repetir.	P	I	W L S	CCL, CMCT	
		2 Mirar o calendario. ¿Cando é o aniversario de Hazel?	P	C	R S	CCL, CMCT	
		3 ¿Cando é o seu aniversario? Preguntar os amigos.	P	C	S L	CCL, CMCT, CSC, SIE	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		Gramática. Posesivos. 4 Mirar a táboa. Unir as frases 1-3 coas regras a) ou b).	P	I	R W	CCL, CD, SIE	
		<i>Language note</i>	A	I	R	CCL, CAA	
		5 Corrixir as frases. Engadir unha apóstrofe (') en cada frase.	P	I	R W	CCL, SIE	
		<i>EXPRESS YOURSELF</i> . 6 Escribir tres frases sobre a súa familia. Usar o exercicio 5 como axuda.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		<i>Check</i> . Comprobar o escrito.	E	I	R W	CCL, CAA	
		7 Traballar por parellas. Preguntar e responder cuestións sobre as súas frases no exercicio	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: unidade de repaso							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		6.					
3	Vocabulario <ul style="list-style-type: none"> • aprender os nomes dos países, nacionalidades e linguas • aprender onde están certos países no mundo • aprender onde falan diferentes linguas <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	W	CCL, CCEC	
		Vocabulario. Países, nacionalidades e linguas. 1 Copiar e completar a táboa cos países do cadro. escoitar, comprobar e repetir.	P	P	R W L	CCL, CCEC	
		2 Facer o cuestionario en parellas. ¿Poden rematar os primeiros?	P	P	R W	CCL, SIE, CCEC	
		3 Unir as nacionalidades do cadro cos países do exercicio 1. Escribir frases.	A R	I	W	CCL, CCEC	
		4 ¿En que países falan as linguas do recadro?	P	P	S	CCL, CCEC, SIE	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		<i>Language note</i>	A	I	R	CCL, CAA	
		4	Gramática be: afirmativa, negativa e interrogativa <ul style="list-style-type: none"> • aprender / revisar o verbo <i>be</i> nas formas afirmativa, negativa e 	Quentamento.	W	P	R W
1 Copiar as táboas no caderno. Cambiar as formas curtas en azul polas completas do recadro.	P			I	R W	CCL, CD, CAA	
<i>Language note</i>	A			I	R	CCL, CAA	
2 Copiar e completar as frases coas formas afirmativas e negativas correctas do verbo <i>be</i> . Usar formas curtas onde sexa posible.	P			I	R W	CCL, CD, CAA	
3 Corrixir as frases. Escribir unha	P			I	R W	CCL, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: unidade de repaso							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	interrogativa • aprender / revisar as formas curtas do verbo <i>be</i> en presente simple • aprender / revisar as respostas curtas	frase negativa e outra afirmativa para cada unha.					
		4 Copiar e completar con <i>is</i> ou <i>are</i> .	P	I	R W	CCL, CCEC, CSC	
		5 Relacionar as preguntas 1-3 coas respostas curtas a-c.	P	I	R	CCL, CSC, CCEC	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		Actividade extra	A R	P	S L	CCL, CAA, SIE	
		6 Escribir preguntas con <i>Is</i> ou <i>Are</i> . Utilizar a información do exercicio 4 como axuda. Escribir respostas curtas.	P	I	W	CCL, CAA	
5	Habilidades integradas Na clase • aprender / revisar linguaxe de clase <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	W	CCL, SIE	
		1 Unir 1-7 coas palabras do cadro. ¿Que cousas se poden ver na clase?	A R C	P	W S	CCL, SIE	
		2 Mirar as preguntas a-e. ¿Como o dirían coas súas palabras?	A R C	P	R S	CCL, SIE	
		3 escoitar cinco diálogos e escribir a-e do exercicio propio na orde en que se oen. escoitar e repetir.	A R C	I	L W S	CCL, CSC	
		4 escoitar e repetir o alfabeto	A R C	C	L S	CCL, SIE	
		5 escoitar e escribir os tres nomes.	A R C	I	L W	CCL, SIE	
		<i>Language note</i>	A	I	R	CCL, CAA	
		6 Elixir obxectos da clase. Por	A R C	P	S L	CCL, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: unidade de repaso							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		parellas, preguntar e responder.					
6	Habilidades integradas-continuación Encontro e saúde • practicar a linguaxe dos encontros e saúdes <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	R W	CCL, SIE	
		7 escoitar o diálogo e completar 1-3.	P	C	L W	CCL, CSC, SIE	
		8 escoitar outra vez e repetir. Practicar o ton.	P	P	L S	CCL, CSC, SIE	
		9 Copiar as preguntas en grosa no caderno. Escribir respostas que sexan verdadeiras para cada un.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		10 Escribir un novo diálogo. Usar o diálogo do exercicio 7 como exemplo.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		<i>Skills builder.</i> <i>Speaking:</i> Mostrar entusiasmo.	C	I	R	CCL, CAA	
		11 Traballar por parellas. Practicar os diálogos por quendas.	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	
		12 Representar o diálogo en clase. <i>Communication Kit</i>	C	C	R S	CCL, CSC, CCEC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade ⁶	Tipo de interacción ⁷	Destreza principal ⁸	Competencias ⁹	Tempo estimado ¹⁰
1	Vocabulario e Speaking Describir persoas • aprender adxectivos para describir a aparencia • describir a aparencia de personaxes de película	Quentamento.	W	P	W S	CCL, CSC, CCEC	10 sesións
		1 Mirar as tarxetas. Copiar e completar 1-4 coas películas do cadro.	P	I	R W	CCL, CCEC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC	
		2 escoitar e repetir as palabras en azul.	P	C	L S	CCL, SIE	
		3 Copiar e completar o cadro coas palabras en azul do exercicio 2.	P	I	R W	CCL, SIE	
		<i>EXPRESS YOURSELF.</i> 4 Elixir un personaxe do exercicio 2. Escribir tres frases sobre el ou ela.	P	I	W	CCL, CCEC, CSC	
		5 Escribir dúas preguntas sobre cada personaxe do	P	I	W	CCL, CCEC, CSC, SIE	

6 W-Warm up, P-Principal, R-Reforzo, A-Ampliación, C-Consolidación, E-Avaliación.

7 I-Individual, P-Parellas, C-Clase.

8 L-Listening, S-Speaking, R-Reading, W-Writing.

9 **Competencias básicas ou disciplinares:** CCL: Competencia en comunicación lingüística; CMCT: Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía; **Competencias transversais:** CD: Competencia dixital; CAA: Aprender a aprender; CSC: Competencias sociais e cívicas; SIE: Sentido de iniciativa e emprendimento; CCEC: Conciencia e expresión cultural.

10 A completar polo profesor /departamento de acordo co seu grupo de clase.

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	<i>Student 's Book,</i>	exercicio 2 con <i>Is</i> ou <i>Are</i> .					
		6 Traballar por parellas. Preguntar e responder cuestións sobre o personaxe da súa parella do exercicio 4. Adiviñar o personaxe.	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	
		Actividade extra	A R	P	S L	CCL, CCEC, SIE	
2	Reading Tipo de texto: Un artigo na web • ler un artigo dunha páxina web sobre películas • describir as diferenzas entre un actor e o seu personaxe <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	S	CCL, CSC, CCEC	
		1 Ler e escoitar o artigo. ¿Quen son Gollum e Caesar?	P	P	R L	CCL, CCEC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC	
		2 Comprobar o significado dos adxectivos do cadro. Despois atopar antónimos no artigo.	P	I	R	CCL, SIE	
		3 Ler outra vez e completar as frases.	P	I	R W	CCL, CCEC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		4 Escribir tres frases sobre as diferenzas entre o actor e o seu personaxe.	P	I	W	CCL, CCEC, CSC	
		<i>Finished?</i>	A	I	W	CCL, CCEC, SIE	
		<i>WEB QUEST</i>	A R C	I	R W	CCL, CD, CCEC, SIE	
3	Gramática have got • aprender e usar <i>have got</i> en afirmativo, negativo, preguntas e respostas curtas	Quentamento.	W	P	R W	CCL, SIE	
		1 Copiar e completar as táboas con <i>have, haven 't, has ou hasn 't</i> .	P	I	R W	CCL, CD	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
	• usar <i>have got</i> para escribir sobre eles mesmos e falar sobre outras persoas	2 Completar as frases coas formas afirmativa e negativa de <i>have got</i> para que sexan verdadeiras ou falsas.	P	I	R W	CCL, CD	
	<i>Pupil 's Book</i>	3 Corrixir as frases coa información entre paréntese. Escribir unha frase afirmativa e outra	P	I	R W	CCL, CD	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		negativa.					
		4 Copiar e completar o texto coa forma correcta de <i>be</i> ou <i>have got</i> .	P	I	R W	CCL, CCEC, CSC, CD	
		5 Mirar a táboa de preguntas e respostas curtas. Elixir a resposta correcta.	P	I	R	CCL, CD	
		<i>Look!</i>	P	I	R	CCL, CAA	
		6 Completar as preguntas. Escribir respostas curtas que sexan verdadeiras para eles.	P	I	R W	CCL, CSC, SIE	
		EXPRESS YOURSELF. 7 Elixir a un amigo. Escribir unha descrición curta sen escribir o nome.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		8 Traballar por parellas. Preguntar e responder	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		cuestións sobre o compañeiro do exercicio 7. Adiviñar o nome.					
		<i>Analyse</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		<i>Pronunciation lab</i>	P	I	L S R W	CCL, CAA	
4	Vocabulario e Listening O corpo <ul style="list-style-type: none"> • aprender vocabulario sobre as partes do corpo humano ou animal • escoitar información específica <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	C	L S	CCL, SIE	
		1 Escoitar e repetir as palabras do cadro. ¿Que palabras non son partes do corpo humano?	P	C	L S	CCL, CMCT, CCEC	
		2 Elixir as palabras correctas.	P	I	R	CCL, SIE	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		3 Mirar os personaxes da foto. ¿De que trata a película?	P	C	S	CCL, CCEC, SIE	
		4 Ler as descrições. Relacionalas cos personaxes da foto. Escoitar e comprobar.	P	I	R L	CCL, CCEC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		5 escoitar as descrições de tres personaxes máis das historias de <i>Percy Jackson</i> . Copiar e completar as notas.	P	I	L R W	CCL, CCEC, SIE	
		6 escoitar outra vez. Escribir respostas curtas ás preguntas.	P	C	L W	CCL, CCEC, SIE	
5	Coñecemento cultural A industria do cinema <ul style="list-style-type: none"> • ler un cuestionario sobre unha revista de cinema • practicar a lectura para atopar información específica • falar sobre a 	Quentamento.	W	P	W	CCL, CCEC, SIE	
		1 Ler o cuestionario á prása e descubrir.	P	P	R	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		2 Ler e escoitar o cuestionario. Escoller as mellores respostas.	P	P	R L	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		3 escoitar e comprobar as súas respostas.	P	I	L	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC	
		<i>Finished?</i>	A	I	W	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		Contraste cultural. 4 Responder.	P	I	R W	CCL, CCEC, CSC	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	industria do cinema no seu país	<i>Watch online:</i> Bollywood.	A	C	L	CCL, CD, CCEC	
6		Gramática Partículas interrogativas • aprender e usar as palabras interrogativas • facer preguntas <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento. 1 Mirar a táboa. Traducir as palabras en azul á súa propia lingua. ¿Podes responder as preguntas?	W	P	W	CCL, SIE
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CCEC, CAA	
		2 Completar as preguntas coas palabras do exercicio 1. Unilas coas respostas a-e. ¿Quen é?	P	I	R W	CCL, CD	
		<i>EXPRESS YOURSELF.</i> 3 Ordenar as palabras para facer preguntas.	P	C	W S	CCL, SIE	
		4 Traballar por parellas. Preguntar e responder as	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		cuestións do exercicio 3.					
		<i>Grammar in context:</i> Literatura. Nota cultural.	A	I	R	CCL, CCEC, CSC	
		5 Ler o texto e elixir as respostas correctas.	P	I	R	CCL, CCEC, CSC	
		6 escoitar e comprobar as respostas.	P	I	L R	CCL, CCEC, CSC	
		Actividade extra	A R	P	L W	CCL, SIE	
		Tarefa de CLIL.	P	I	R W	CCL, CD, CCEC, SIE	
		<i>Pronunciation lab:</i> Ritmo e ton.	P	I	L S R W	CCL, CAA	
7	Destrezas integradas No cinema • traballar as catro destrezas • ler información sobre as entradas	Quentamento.	W	P	R S	CCL, CSC, CCEC	
		1 Mirar as entradas de cinema. Adiviñar o significado das palabras do cadro. ¿Como se din no seu propio idioma?	P	P	R S	CCL, SIE	
		<i>Skills builder.</i> <i>Reading: Guessing</i>	C	I	R	CCL, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	de cinema • escoitar persoas falando de cinema • escribir un diálogo personalizado	<i>meaning</i>					
		2 Ler a información das entradas outra vez. Responder as preguntas.	P	P	R S	CCL, CCEC, CSC	
		3 escoitar a tres persoas falando das películas do exercicio 1. Escribir os nomes das películas na orde en que se oen.	P	P	L W	CCL, CCEC, CSC	
		4 escoitar outra vez. Elixir as respostas correctas.	P	I	L R	CCL, CCEC, CSC	
8	representar o diálogo Destrezas integradas - continuación Comprar entradas	5 escoitar o diálogo e elixir as respostas correctas para 1-4.	P	P	L R	CCL, CMCT, CSC, CCEC	
<i>Pupil 's Book</i>	6 escoitar outra vez e repetir. Practicar o ton.	P	P	L R	CCL, CMCT, CSC, CCEC		
	7 Escoller unha das películas da páxina 16, ou usar as súas propias ideas. Copiar e completar as notas.	P	I	R W	CCL, CSC, CCEC		
	8 Preparar un novo	P	I	W	CCL, CSC,		

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		diálogo. Escribir ambas as dúas partes. Utilizar o diálogo modelo do exercicio 5 e as notas do exercicio 7 como axuda.				CCEC	
		9 Traballar por parellas. Practicar os seus diálogos por quendas.	P	P	S L	CCL, CSC, CCEC, SIE	
		10 Representar o diálogo en clase. <i>Communication Kit</i>	C	C	R S	CCL, CSC, CCEC, SIE	
9	Writing Descrición	Quentamento.	W	C	L S	CCL, CCEC, SIE	
	<ul style="list-style-type: none"> • ler a descrición de dous personaxes de cinema • usar 's para <i>is</i> ou <i>has</i> ou para indicar posesión • facer unha descrición dun 	1 Ler e escoitar a descrición. Responder as preguntas.	P	P	R L	CCL, CCEC, CSC	
		<i>Writing Focus 2</i> Ler o <i>Writing focus</i> . Traducir as frases á lingua propia.	P	I	R W	CCL, CAA	
		3 Mirar a descrición do exercicio 1 outra vez. ¿Son os	P	P	R S	CCL, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 1							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	personaxe de cinema <i>Pupil 's Book</i>	exemplos en azul <i>is, has</i> ou posesión?					
		4 Reescribir as frases con apóstrofe ('). ¿Son exemplos de <i>is, has</i> ou posesión?	P	I	R W	CCL, CAA	
		Tarefa de <i>Writing</i> .	C E	I	R W	CCL, CCEC, CSC SIE, CAA	
10	Study guide Gramática; Vocabulario e <i>Speaking</i> <i>Pupil 's Book</i>	Gramática <i>have got</i> Partículas interrogativas	R C	I	R	CCL, CAA	
		Vocabulario Describir persoas O corpo	R C	I	R	CCL, CAA	
		<i>Speaking</i> Comprando entradas	R C	I	R	CCL, CAA	
		Aprender a aprender	R C	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		Material adicional <i>Workbook</i>	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		<i>Teacher 's Resource File</i>	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		Probas e exames	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade ¹¹	Tipo de interacción ¹²	Destreza principal ¹³	Competencias ¹⁴	Tempo estimado ¹⁵
1	Vocabulario e Speaking Materias escolares • aprender / revisar as materias escolares • revisar os días • aprender / revisar momentos do	Quentamento.	W	P	W	CCL, SIE	10 sesións
		Reflexionar.	P	P	S	CCL, SIE	
		1 Mirar o póster. Escoitar e repetir as materias en azul.	P	C	L S	CCL, CSC, CCEC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC, CSC	
		2 Mirar as imaxes a-f. ¿Que materias ven?	P	P	S	CCL, CSC, SIE	
		3 Copiar e completar as frases para facelas verdadeiras ou falsas.	P	I	R W	CCL, SIE	
		<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		<i>Language note</i>	A	I	R	CCL, CAA	

11 W-Warm up, P-Principal, R-Reforzo, A-Ampliación, C-Consolidación, E-Avaliación.

12 I-Individual, P-Parellas, C-Clase.

13 L-Listening, S-Speaking, R-Reading, W-Writing.

14 **Competencias básicas ou disciplinares:** CCL: Competencia en comunicación lingüística; CMCT: Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía; **Competencias transversais:** CD: Competencia dixital; CAA: Aprender a aprender; CSC: Competencias sociais e cívicas; SIE: Sentido de iniciativa e emprendimento; CCEC: Conciencia e expresión cultural.

15

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	día • deseñar un día perfecto de colexio <i>Student 's Book,</i>	<i>EXPRESS YOURSELF.</i> 4 No caderno, deseñar un venres perfecto. Elixir as materias favoritas.	P	I	R W	CCL, CSC, SIE	
		5 Traballar por parellas. Preguntar e responder cuestións sobre os seus horarios. ¿Quen ten o mellor venres?	A R	P	S L	CCL, CSC, SIE	
2	Reading Tipo de texto: Un artigo de revista • ler un artigo nunha revista sobre unha escola de artes e tecnoloxía • comparar a súa escola coa	Quentamento.	W	P	S W	CCL, SIE	
		1 Mirar as imaxes. ¿Coñecen estes cantantes? Ler e escoitar o artigo.	P	I	R L	CCL, CSC, CCEC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC, CSC	
		2 Comprobar o significado dos verbos en grosa. ¿Son as frases verdadeiras ou falsas? Corrixir as falsas.	P	I	R W	CCL, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	do artigo <i>Pupil 's Book</i>	3 Ler outra vez e responder as preguntas.	P	P	R S	CCL, CSC, CCEC	
		4 ¿É o seu colexio similar ao <i>BRIT School</i> ? Escribir tres diferenzas.	P	C	S	CCL, CSC, CCEC, SIE	
		<i>Finished?</i>	A	I	W	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		WEB QUEST	A R C	I	R W	CCL, CD, CCEC, SIE	
3	Gramática Presente simple: afirmativa e negativa • aprender as formas afirmativa e negativa do presente simple • usar o presente simple para escribir sobre persoas	Quentamento.	W	P	R W	CCL, SIE	
1 Copiar e completar a táboa con <i>study, sings, don ' t e doesn ' t</i> .	P	I	R W	CCL, CD			
<i>Look!</i>	C	I	R	CCL, CAA			
2 Ler as regras de ortografía da páxina 29. Despois, escribir as formas de terceira persoa dos verbos do cadro.	P	I	R W	CCL, CAA			

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	en terceira persoa de singular • usar o presente simple para falar deles mesmos <i>Pupil 's Book</i>	3 Copiar e completar as frases coa forma correcta dos verbos entre paréntese.	P	I	R W	CCL, CAA	
		<i>Finished?</i>	A	I	W	CCL, CSC, SIE	
		4 Cambiar as palabras en grosa para facer frases verdadeiras para eles. Escribir unha afirmativa e outra negativa.	P	I	R W	CCL, CSC, SIE	
		5 Completar o texto coa forma correcta dos verbos entre paréntese. Escoitar e comprobar.	P	I	R W	CCL, CSC, CCEC SIE	
		Actividade extra	A R	P	W	CCL, CAA	
		<i>Analyse</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		<i>Pronunciation lab</i>	P	I	L S R W	CCL, CAA	
4	Vocabulario e Listening	Quentamento.	W	P	R S	CCL, CSC, SIE	
1 Escoitar e repetir as actividades		P	P	L S	CCL, CSC		

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	Actividades diarias	diarias. ¿Cal a vai nas imaxes?					
	<ul style="list-style-type: none"> • aprender vocabulario de actividades diarias • escoitar para obter información específica • escribir sobre un día no colexio <i>Pupil 's Book</i>	2 Completar o día típico coas palabras do exercicio 1.	P	I	R W	CCL, CSC	
		3 Escoitar e comprobar as respostas do exercicio 2. Escoitar e escribir os momentos no caderno.	P	I	L W	CCL, CSC	
		4 Escribir sobre un día de clase. Utilizar as palabras do exercicio 1.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		5 Escoitar un programa de radio sobre <i>The Royal Ballet School</i> . ¿Son verdadeiras ou falsas as frases? Corrixir as falsas.	P	I	L R W	CCL, CCEC, CSC	
		6 Escoitar outra	P	I	L R W	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		vez. Copiar e completar as notas sobre <i>The Royal Ballet School</i> .					
5	Coñecemento cultural Internados no Reino Unido • ler un texto sobre un colexio privado en Inglaterra • practicar a lectura para atopar información específica • comparar o seu colexio co do texto <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	C	R S	CCL, CMCT, CSC, CCEC	
		1 Ler o primeiro párrafo. ¿Cal é o nome do colexio da imaxe?	P	C	R S	CCL, CSC, SIE	
		2 Ler e escoitar. ¿Cantas materias estuda David?	P	I	R L	CCL, CCEC, CSC	
		3 Ler o texto outra vez e escoller as mellores respostas.	P	P	R W	CCL, CCEC, CSC	
		Contraste cultural. 4 Comparar o seu colexio co de David. Escribir tres frases. Pensar sobre os temas do cadro.	P	P	W S	CCL, CCEC, CSC, SIE	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC, CSC	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		<i>Watch online: A typical day at a UK school</i>	A	C	L	CCL, CD, CSC, CCEC	
6	Gramática Presente simple: Preguntas e respostas curtas • aprender como facer preguntas en presente simple • aprender como dar respostas curtas a preguntas en presente simple • escoitar para obter información específica <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	P	R W	CCL, CAA	
		1 Estudiar o cadro. ¿Cando utilizamos <i>does / doesn ' t?</i>	P	C	R S	CCL, CD	
		2 Completar as preguntas con <i>Do</i> ou <i>Does</i> . Escribir respostas curtas. Atopar a información no texto na páxina 24.	P	I	R W	CCL, CD, CAA	
		EXPRESS YOURSELF. 3 Escribir preguntas. Usar <i>Do</i> ou <i>Does</i> e a información en 1-6.	P	I	R W	CCL, CAA	
		4 Por parellas, preguntar e responder as cuestións do	P	P	L S	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		exercicio 3. Usar respostas curtas e despois dar información extra.					
		<i>Grammar in context:</i> Educación persoal, social e da saúde. 5 Ler o texto e elixir as respostas correctas.	P	I	R W	CCL, CAA	
		6 Escotar e comprobar as respostas.	A	I	L	CCL, CAA	
		Actividade extra	A R	P	R S	CCL, CSC, SIE	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CSC, CCEC	
		Tarefa de CLIL.	P	C	R S	CCL, CSC, CCEC SIE	
		<i>Pronunciation lab:</i> Terminación do verbo en terceira persoa.	P	I	L S R W	CCL, CAA	
7	Destrezas integradas Actividades extraescolares	Quentamento.	W	P	R S	CCL, CSC, SIE	
		1 Mirar o taboleiro de anuncios e responder as preguntas.	P	C	R S	CCL, CSC	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	<ul style="list-style-type: none"> • traballar as catro destrezas • ler pósteres sobre actividades extraescolares nun taboleiro de anuncios • escoitar alguén falando dun día de 	2 ¿Que actividades lles gustan? ¿Cales non? Copiar e completar as frases.	P	P	W S	CCL, CSC, SIE	
		<i>Skills builder.</i> <i>Listening:</i> <i>Multiple-choice answers</i>	C	I	R	CCL, CAA	
		3 Escoitar a Rebecca falando dun día de colexio. Escoller as respostas correctas.	P	I	L R	CCL, CSC	
		4 Escoitar outra vez. Completar os tempos.	P	I	L W	CCL, CMCT, CSC	
8	<ul style="list-style-type: none"> Destrezas integradas - continuación Solicitar información 	5 Escoitar a Rebecca solicitando información sobre unha actividade extraescolar.	P	P	L R W	CCL, CSC	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	<i>Pupil 's Book</i>	Completar 1-4 en ao caderno.					
		6 Escoar outra vez e repetir. Practicar o ton	P	P	L S	CCL, CSC, SIE	
		7 Copiar as preguntas en grosa. Elixir unha actividade do taboleiro de anuncios da páxina 26 e escribir respostas.	P	I	R W	CCL, CSC	
		8 Escribir un novo diálogo sobre a actividade. Escribir ambas as dúas partes. Usar o diálogo no exercicio 5 como axuda.	P	I	W	CCL, CSC, SIE	
		9 Traballar por parellas. Practicar os seus diálogos por quendas.	P	P	S	CCL, CSC, SIE	
		10 Representar o diálogo en clase. <i>Communication</i>	C	C	R S	CCL, CSC, CCEC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		<i>Kit.</i>					
9	Writing Un cuestionario • ler un cuestionario • entender e utilizar puntuación básica • responder un cuestionario <i>Pupil 's Book</i>	Quentamento.	W	C	R S	CCL, SIE	
		1 Ler e escoitar o cuestionario. Copiar e completar 1-5 con materias de clase.	P	I	R L W	CCL, CSC, CCEC	
		<i>Writing Focus 2</i> Ler o <i>Writing Focus</i> e responder as preguntas.	P	P	R S	CCL, CAA	
		3 Ler o texto outra vez. ¿Cantos exemplos de cada tipo de puntuación poden atopar?	P	P	R S	CCL, CAA	
		4 Engadir puntuación ás frases.	P	I	R W	CCL, CAA	
		Tarefa de <i>Writing</i> .	C E	I	R W	CCL, CSC, CCEC, SIE	
10	Study guide Gramática; Vocabulario e <i>Speaking</i>	Gramática. Presente simple	R C	I	R	CCL, CAA	
		Vocabulario. Materias. Actividades diarias	R C	I	R	CCL, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 2							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	<i>Pupil 's Book</i>	<i>Speaking.</i> Solicitar información	R C	I	R	CCL, CAA	
		Aprender a aprender	R C	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		Material adicional <i>Workbook</i>	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		<i>Teacher 's Resource File</i>	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	
		Probas e exames	R C E	I	R W	CCL, SIE, CAA	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 3							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade ¹⁶	Tipo de interacción ¹⁷	Destreza principal ¹⁸	Competencias ¹⁹	Tempo estimado ²⁰
1	Vocabulario e <i>Speaking</i> Deportes e	Quentamento.	W	P	W	CCL, CSC	10 sesións
		Reflexionar.	P	P	W S	CCL, CSC, SIE	
		1 Mirar o póster. Escoitar e repetir os deportes e as actividades en azul. ¿Que	A	C	L S	CCL, CSC, SIE	

16 W-Warm up, P-Principal, R-Reforzo, A-Ampliación, C-Consolidación, E-Avaliación.

17 I-Individual, P-Parellas, C-Clase.

18 L-Listening, S-Speaking, R-Reading, W-Writing.

19 **Competencias básicas ou disciplinares:** CCL: Competencia en comunicación lingüística; CMCT: Competencia matemática e competencias en ciencia e tecnoloxía; **Competencias transversais:** CD: Competencia dixital; CAA: Aprender a aprender; CSC: Competencias sociais e cívicas; SIE: Sentido de iniciativa e emprendimento; CCEC: Conciencia e expresión cultural.

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 3							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
		actividade prefiren?					
		2 Poñer os deportes da actividade 1 nas categorías 1-3	P	I	R W	CCL, CSC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC	
		3 escoitar e unir os sons 1-5 cos deportes no cadro. ¿Que deportes de pelota coñecen?	P	I	L R	CCL, CSC	
	actividades • aprender vocabulario de deportes • aprender qué deportes van con <i>play, do e go</i>	4 Ler as regras de uso de <i>play, do e go</i> da páxina 39. ¿Que verbo se utiliza para xogos de pelota?	P	C	R S	CCL, CAA	
	• Preguntar e responder cuestións sobre deportes e	5 Copiar e completar a táboa cos deportes dos exercicios 1 e 3.	P	I	R W	CCL, CSC	
		<i>Language note</i>	A	I	R	CCL, CAA	
		<i>EXPRESS YOURSELF. 6</i>	P	P	S L	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 3							
Lección	Obxectivos	Actividade / Tarefa	Tipo de actividade	Tipo de interacción	Destreza principal	Competencias	Tempo estimado
	actividades <i>Student 's Book,</i>	Traballar por parellas. Facer preguntas sobre deportes e actividades. Usar <i>play, do e go.</i>					
2	Reading Tipo de texto: Unha revista • ler un artigo nunha revista sobre actividades deportivas • dicir qué actividades deportivas ven máis interesantes e por que • utilizar adxectivos para describir actividades deportivas	Quentamento.	W	C	S	CCL, CSC, SIE	
		1 Ler e escoitar o artigo. ¿Que deporte ou actividade fan Paige e Joe?	P	P	R L S	CCL, CSC, CCEC	
		2 Ler e escoitar outra vez. Copiar e completar as frases.	P	I	R L W	CCL, CSC, CCEC	
		<i>Nota cultural</i>	A	I	R	CCL, CCEC	
		3 Ler o artigo outra vez e responder as preguntas.	P	I	R W	CCL, CSC, CCEC	
		4 ¿Que é máis interesante, as carreiras de obstáculos ou ser animadora? ¿Por que? Utilizar as palabras do cadro	P	P	R S	CCL, CSC, SIE	

BATERIA DE ACTIVIDADES E TAREFAS: UNIT 3							
